

# Recursos estilísticos

## 1. Recursos fónicos:

- **Aliteración:** repetición intencional de un ou de varios sons co fin de producir unha sensación.

Pende en que pende Penélope pensativa.

A. Cunqueiro

Baixa o lobo polo lombo do lobo.

U. Novoneyra

- **Onomatopea:** uso de vocábulos que imitan sons reais emitidos por animais ou obxectos.

A bomba, ¡bong! a bomba bon amigo.

C. E. Ferreiro

# Recursos estilísticos

## Recursos morfosintácticos:

- **Epíteto:** adxectivo que resalta unha calidade propia e evidente dun substantivo. Non achega información nova.

No inverno xogabamos na **branca neve**.

A **verde herba** movíase co vento.

- **Hipérbato:** alteración da orde sintáctica habitual para resaltar determinados elementos.

Que se espallan **de Xallas polas gandras**.

E. Pondal

**Do mar pola orela** mireina pasar.

Curros Enríquez

# Recursos estilísticos

**Paralelismo:** repetición de enunciados coa mesma estrutura sintáctica a fin de intensificar o ritmo do texto e destacar os elementos repetidos.

Non nacín, nai, para a tortura  
da besta e o delírio.

(...)

Non nacín, nai, para ser cruz  
desta fría poceira.

M. Rivas

Si cantan, es ti que cantas; / si choran, es ti que choras

R. de Castro

# Recursos estilísticos

## Recursos semánticos:

- **Hipérbole:** Esaxeración con finalidade burlesca.

Valeriana era tan boa na loita contra o reloxo que tomou a saída o dez de agosto e chegou o nove de agosto.

- **Comparación:** relaciona dous elementos que comparten algunha característica, a través da conxunción **como** ou outras similares.

Este verán imos tomar o sol **como** lagartos

- **Personificación:** atribución de propiedades humanas a animais e seres inanimados

A lúa xogaba coa noite

# Recursos estilísticos

- **Metáfora:** identificación dun elemento real cun outro imaxinario, establecendo unha relación de semellanza entre eles.

**As súas palabras foron puñais:** Indica que o que dixo feriu fondamente como unha arma.

**O ouro dos seus cabelos:** Refírese ao cabelo louro relacionándoo co brillo e cor dese metal precioso.